

ANEXO 1

Á ATENCIÓN DOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Como pais, nais ou titores legais de alumnado menor de idade matriculado no presente curso académico, a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol desexa informar do protocolo que se seguirá en canto ao **control de faltas de asistencia do alumnado menor** e información de ausencias do profesorado.

1. ASISTENCIA E FALTAS DO ALUMNADO

Unha vez iniciadas as actividades lectivas, o profesorado do centro procederá a cargar semanalmente as faltas de asistencia do alumnado menor de idade na **aplicación informática CentrosNet** á que se accede **dende a páxina web da EOI de Ferrol** <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoideferrol/>

2. AUSENCIAS DO PROFESORADO

A Escola Oficial de Idiomas non dispón de profesorado de garda que se poida facer cargo do alumnado cando o seu profesor/a non pode impartir a súa clase.

A información sobre a ausencia do profesorado está á súa disposición **na páxina web da EOI de Ferrol** <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoideferrol/> **no apartado “Ausencias do profesorado”**. Neste caso o pai, nai ou titor deberá comprometerse a non enviar ao menor ao centro ata que o/a profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a. No caso de ausencia imprevista do profesorado, o pai, nai ou titor/a comprométese ou ben a recoller o seu fillo no centro ou ben a autorizalo a regresar só á súa casa. A Escola Oficial de Idiomas de Ferrol facilitará o uso dun teléfono ao menor en caso de necesidade.

IMPRESO PARA PAIS / NAIS / TITORES DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

ANEXO 2 PROTOCOLO DE CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO MENOR

D./Dna: _____, DNI: _____, teléfono fixo/móvil _____,
e-mail: _____ domicilio: _____ CP: _____ localidade: _____
pai / nai / titor/a do/a alumno/a _____ matriculado/a no curso _____
do idioma _____
os días: _____ e _____, no horario _____,

DECLARO coñecer o protocolo de control de asistencia do alumnado menor a través da páxina web da escola por medio da aplicación CentrosNet e comprométome a responsabilizarme do seguimento da asistencia do meu fillo/a ás actividades lectivas da EOI de Ferrol.

En canto ás ausencias do profesorado, comprométome a consultar a información na páxina web da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol e a non enviar o/a menor ao meu cargo ao centro ata que o profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a.

No caso de tratarse dunha ausencia imprevista, autorizo o meu fillo / a miña filla a abandonar o centro e a regresar ao seu domicilio ou comprométome a recollelo na EOI de Ferrol.

En _____, de _____ de 20_____

Asinado:

*Este documento debe ir acompañado de **fotocopia do D.N.I. /N.I.E. do pai, nai ou titor** do alumnado menor.

SR/A. DIRECTOR/A DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL